

# VIII TRAVESÍA ILLA DA CREBA

4 SETEMBRO 2021



-Distancias

6000 e 2000 mts

**INSCRIPCIÓNS EN  
GALITIMING.COM**

## ORGANIZA




## COLABORA



Máis información en: <https://www.facebook.com/travesia:illadacreba.9>



## **COMO CHEGAR**



Coordenadas GPS

42° 47' 19.98" N

8° 58' 39.82" W

## **VIII TRAVESÍA A NADO ILLA DA CREBA 2021**

### **DESCRIPCIÓN DO EVENTO**

A VIII edición da Travesía a nado "Illa da Creba" terá lugar o sábado 04 de setembro de 2021, está organizada por Os Salta Rejos coa colaboración do Concello de Muros e a aportación de empresas da zona.

### **DÍA E HORA.**

04 de setembro do 2021.

16:00 SAÍDA TRAVESÍA LONGA. 6000m. Peirao de Esteiro.

16:30 SAÍDA TRAVESÍA CURTA. 2000m. Peirao de Esteiro.

### **CARACTERÍSTICAS DO PERCORRIDO**

A proba comezará as 16:00 horas con saída desde ao peirao e segundo o protocolo COVID específico que deseñou a organización para minimizar todo o posible os riscos de contaxio. Haberá 2 distancias coas categorías masculina e feminina en cada unha delas.

Farase un chamamento para establecer as quendas, organizándose por número de gorro que aportará a organización en ringleiras de parellas con distancias entre eles e saídas cada 5´´. Será responsabilidade de cada nadador estar na zona de saída, no seu posto e coa mascarilla posta ata o momento xusto da saída.

Os dorsais só poderán ser recollidos por cada participante mediante a presentación do DNI.

\_ **Categoría A: 6000 metros.** Aficionad@s á natación con algo de experiencia, posto que o tramo da volta á Illa soe ter mar bravo e require de certas habilidades técnicas e físicas, amais da longa distancia a nadar.

**BOIA obrigatoria con peto estanco onde se gardará o chip con xeolocalizador para os/as participantes desta categoría.**

**Tempo máximo 2h 20min. En superando este tempo de proba, os participantes que aínda estean na auga, deben subir obrigatoriedade a bordo das embarcacións que así llo requiran.**

Avituallamento: embarcación fondeada cerca do pantalán da Illa (quilómetro 2´2), onde se poderá parar a coller avituallamento.

*Máximo 80 nadador@s. Orden de inscrición.*

\_ **Categoría B: 2000 metros.** Toda clase de aficionad@s á natación que se sentan en disposición de nadar esta distancia e queiran disfrutar xunto a outr@s deportistas dun gran ambiente.

*Máximo 80 nadador@s. Orden de inscrición.*

Desde as 14:30 horas terá lugar a recepción de participantes, recollida de gorros, marcación de números con rotulador i explicación do percorrido para tódol@ss inscritos/as.

A CHEGADA: Atendendo a demanda dos participantes doutras edicións, contamos con cronometraxe oficial mediante chip e xeolocalizador (solo 6000m) polo que será imprescindible pasar pola liña marcada pola organización como saída e meta para facer efectivo o tempo da proba. Entregarase o chip e xeolocalizador en pasando da alfombra de meta.

## **CUSTE E INCRICIÓNS**

As incricións faranse de foma online, na plataforma habilitada para iso. <http://galitiming.com/>

O custe da Travesía a nado Illa da Creba é o seguinte:

**20 euros** para a distancia de 6000 metros.

**12 euros** para a distancia de 2000 metros.

*O prezo inclúe: cronometraxe, seguro de accidentes, avituallamento durante a proba, gorro de silicona, premios a quen cadre, parking. \* Este ano **non** se poderán usar os vestiarios nin haberá pintxos ao rematar.*

O prazo de incricións abrirán o martes 10 de agosto e pecharanse o mércores 1 de setembro de 11:59h. (A aplicación informática non permitirá inscribirse a ninguén fóra de prazo). A partires do 27 de agosto non se devolverá o importe a participantes con baixas na proba.

O canal de comunicación para anunciar novidades da proba será a través do Facebook:

<https://www.facebook.com/travesia.illadacreba.9>

A formalización da inscrición supón a aceptación da normativa establecida para o desenvolvemento da travesía.

## **SEGURIDADE DA PROBA**

A proba contará coa participación de protección civil, embarcacións/zodiacs de acompañamento, así como kaiaks de mar e socorrista. Ademais do servizo da ambulancia correspondente.

### PROTOCOLO COVID

[https://www.fegan.org/fegan/tprd/2021/noticias/02/20210203\\_xer\\_protocolo\\_covid\\_e\\_taboas\\_fisico\\_vid\\_fegan\\_20210112.pdf](https://www.fegan.org/fegan/tprd/2021/noticias/02/20210203_xer_protocolo_covid_e_taboas_fisico_vid_fegan_20210112.pdf)

**Condicións de suspensión da proba:** en caso de condicións adversas do mar ou do clima, e se fose necesario suspendela por perigos e riscos para os participantes, non se abonaría o importe da proba.

Se ben, a organización reservarase o dereito a modificar o percorrido e propor alternativas antes da suspensión total da proba, podendo modificar a orde de saída, metros de cada categoría, tipo de percorrido, etc. Se isto non fose posible, intentaríase obter os permisos correspondentes para repetila no mes de setembro.


Segundo Decreto 1727/2007 do 21 de setembro polo que se establecen as medidas de protección de animais vulnerables, no cal se prohiben a persecución, captura, molestias e nadar con cetáceos (non interactuar co arroaz Confi).

## **BALIZACIÓN DAS VIRAXES.**

A marcación do campo de nado será mediante boias que sinalizarán o percorrido.

**Todas as boias deixaranse á dereita na ida de cada percorrido e a esquerda na volta.**

### CATEGORÍA A



### CATEGORÍA B



seguir información dos detalles en <https://www.facebook.com/travesia.illadacreba.9>

## **CARACTERÍSTICAS ADICIONAIS**

**Travesía popular que non unha competición**, onde facelo o mellor que cada un poida é o obxectivo, sempre respectando as normas da organización.

Recoméndase o uso de traxe de neopreno e lentes. É obrigatorio nadar, con boia estanca (6000m), co gorro que entrega a organización, estes serán de diferente cor segundo a distancia a nadar.

Cada participante deberá levar escrito o número que lle sexa asignado en grande e nun lugar visible (será marcado pola organización).

Nesta edición e por orden da organización non se permite a participación a menores de 18 anos.

Indicar que esta travesía persigue conservar o seu aspecto lúdico e deportivo das súas orixes polo que solicitamos a tódol@s participantes convertila proba nun reto persoal, con cadansúa maneira de afrontalo. De aí que se dea prioridade á seguridade, á axuda, ó desfrute, ó compañeirismo, ó respecto cara o medio, deixando o crono de cadaquén para unha análise particular.

## **PREMIOS.**

Haberá algún agasallo aos participantes con sorteos e grandes sorpresas incluídas. Publicaranse as clasificacións no lugar de recollida de dorsais.

